



# PLAN DIXITAL

## IES Castro Alobre

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## **1** **Introdución**

- 1.1 Datos básicos do centro
- 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3 Breve xustificación do mesmo
- 1.4 Proceso de elaboración

## **2** **Situación de partida**

- 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3 Análise DAFO

## **3** **Plan de Acción**

- 3.1 Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## **4** **Avaliación do PD**

- 4.1 Seguimento do Plan de Acción
- 4.2 Propostas de mellora (revisión)

## **5** **Difusión do PD**

# 1 Introducción

## 1.1 Datos básicos do centro

<b>Denominación</b>	IES Castro Aobre
<b>n</b>	
<b>Código</b>	36012471
<b>Enderezo</b>	Rúa San Roque 25
<b>Concello</b>	36600 Vilagarcía de Arousa
<b>Provincia</b>	Pontevedra
<b>Teléfono</b>	886151818
<b>Fax</b>	886151832
<b>Correo-e</b>	ies.castroalobre.vilagarcia@edu.xunta.es
<b>Páxina web</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/">http://www.edu.xunta.gal/centros/iescastroalobrevilagarcia/</a>

Táboa 1: Identificación do centro.

O IES Castro Aobre está situado no casco urbano de Vilagarcía de Arousa, localidade con aproximadamente 37.500 habitantes. O alumnado provén fundamentalmente da vila e dos seus arredores.

O instituto conta con dous edificios, o da ESO, máis antigo, e o de Bacharelato e Ciclo que é do ano 1999. Tamén posúe un patio grande, utilizado para a práctica de deportes de equipo, arredor deste unha pista de atletismo, e anexo un pavillón deportivo, reformado durante o ano 2018.

O edificio da ESO ten 20 aulas e catro desdobres, tres aulas de informática, dúas de música, unha de Plástica, un taller de Tecnoloxía, un laboratorio de Física, un de Química e outro de Bioloxía, unha sala de profesorado, once locais para os Departamentos didácticos, nos que nalgúns casos tamén se imparten clases, dúas salas de recepción de familias, un salón de actos, catro despachos para o equipo directivo, dúas oficinas de administración e unha conserxería. Tamén contamos cunha aula de Mediación, na que se reúnen as Dinamizacións de convivencia, mediación e igualdade e o Grupo de diversidade afectivo-sexuais, e dúas aulas máis para reforzo educativo. O edificio de

Bacharelato ten 8 aulas, o taller do Ciclo formativo, unha aula de Plástica, un desdobre grande e dous pequenos, un taller de Tecnoloxía, unha sala de profesorado, dous locais habilitados para Departamentos didácticos e unha conserxería. Existe tamén un terceiro edificio, a antiga casa do/a conserxe e actualmente aula dun grupo de primeiro de bacharelato.

O centro educativo ten este curso 20 unidades de ESO, 8 grupos de bacharelato das modalidades de Ciencia e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais (cunha oferta de optatividade moi ampla), e un ciclo formativo de grao medio de Coidados Auxiliares de Enfermería (Sanidade), o que suma un total de 825 alumnos e alumnas. Temos un Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento (actualmente só para 3º de ESO). Contamos, ademais, con Seccións Bilingües de francés, na materia de Matemáticas, e de inglés, nas materias de Educación física e Plástica.

O horario do centro é de xornada continua de luns a venres. Os luns e martes as sesións son impartidas dende as 8:30 ata as 15:00 horas, dispoñendo de dous recreos (un de 25 minutos e outro de 15 minutos), e de mércores a venres as sesións impártense dende as 8:30 ata as 13:55 horas con un só recreo intermedio.

O claustro neste curso está formado por 68 profesores e profesoras. O persoal non docente componse de dúas auxiliares de conversa, unha para lingua inglesa e unha para lingua francesa, tres subalternos, un funcionario e unha funcionaria administrativos, catro limpadoras e unha persoa encargada da cafetería do centro.

## **1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro**

Vilagarcía ten unha posición privilexiada desde moitos puntos de vista. Atópase no fondo da ría de Arousa e na beira norte da comarca do Salnés. Dentro destes espazos, a súa posición estratéxica, no límite das áreas de influencia das rexións urbanas de Pontevedra-Vigo e Santiago, convértea nun punto esencial de referencia para as terras arousás, é o núcleo reitor tanto da ría como da comarca.

A diversificación da estrutura económica está na base da urbanización difusa de todo o espazo, xa que a una agricultura moi intensiva de viñado e horta, engádense a pesca e o marisqueo na ría,

una dotación empresarial e industrial notable, sobre todo ao redor das cidades de Ribeira e Vilagarcía, e un papel relevante da actividade turística.

A estrutura socioprofesional da poboación ocupada pon de manifesto como a economía do Salnés posúe as características propias dunha economía integrada nun circuío moderno de mercado, cun importante sector industrial e terciario que xera unha alta porcentaxe de asalariados e traballadores por conta allea. Dentro do terciario a maior proporción correspóndese coa rama comercial, seguida da Administración Pública, Defensa e Seguridade Social e do sector da Educación.

Aínda que a pesca e as actividades marisqueiras son moi significativas e xeran importantes recursos, a importancia da industria e dos servizos minimizan o seu impacto económico. O marisqueo acada unha gran significación debido á excepcional calidade dos moluscos extraídos nas súas costas, sobre todo ameixas, mexillóns, berberechos e ostras, e dos seus crustáceos, nécoras, centolas e camaróns, principalmente. Localízanse aquí ademais, varios viveiros de marisco que se instalaron na última década, e en Vilaxoán está a sede de INTECMAR (Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño) da Xunta de Galicia. A agricultura presenta pouca importancia, aínda que é moi practicada a tempo parcial para autoconsumo. A industria pola súa banda, caracterízase por unha notable diversificación e, en xeral, elevada produtividade, da que destacan os subsectores de fabricación de maquinaria diversa, como produtos alimentarios, produtos de pastelería, matadoiros e fabricación de produtos lácteos; de madeira, con empresas que van desde a importación de madeiras nobres á fabricación de mobles, taboleiros, contraplacados ou mesmo carpinterías mecánicas e serradoiros tradicionais; extracción de minerais, carpintería metálica, confección e azulexos, cerámica e materiais para a construción.

Os equipamentos educativos, culturais e deportivos da cidade non son poucos. Conta con 11 centros de infantil e primaria: Vagalume, A Lomba, Anexo A Lomba, Arealonga, Carril, Escardia, Piñeiriño, Rubiáns, Vilaxoán, Sagrada Familia (privado), San Francisco (privado). Tamén conta cun centro de educación especial, Princesa Letizia.

Catro institutos públicos de educación secundaria e bacharelato: A. Cotarelo Valledor, Fermín Bouza Brey, O Carril, Castro Alobre, e dous colexios privados que tamén imparten ensinanzas de ESO (Sagrada Familia, San Francisco).

Así mesmo existe unha sección delegada da Escola Oficial de Idiomas, conservatorio de Música e unha Escola Municipal de Música. A poboación universitaria do concello acude aos centros distribuídos por todo o territorio galego destacando polo seu número o campus de Santiago de Compostela, seguido polo de Vigo, A Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense.

A vila conta cun auditorio que posúe sala de audicións para 750 persoas, unha sala de conferencias máis pequena, dúas aulas, e unha sala de exposicións. E unha Casa da Cultura-Biblioteca dividida en varios espazos que inclúen estudio, biblioteca infantil, e salas de usos varios.

As variadas asociacións da comarca acollen tamén pequenos centros culturais distribuídos por todas as parroquias.

Dentro das múltiples asociacións existentes destacan polo seu número as veciñais, recreativas, culturais e de consumo.

Os centros educativos formamos parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizada e por esa razón, os centros educativos deben dar resposta a esas necesidades e demandas da sociedade e o mercado laboral para poder formar cidadáns do futuro coas competencias necesarias para desenvolverse nun entorno dixitalizado.

A nosa traxectoria no ámbito das novas tecnoloxía comeza no ano 2010 cando entramos a formar parte dos centros ABALAR dende o curso 21-22 EDIXGAL en tódolos niveis da ESO. Ademais, a Consellería fixo unha nova instalación eléctrica e de datos na maioría das dependencias do noso centro, así como dotación de EDIs e canóns para todas as aulas de ESO e Bacharelato.

Tamén foron instalados os puntos wifi, máis eficientes e con maior cobertura. Este novo cableado e a rede wifi, aínda que non abarca a totalidade do centro, contribuíron claramente a melloralas posibilidades de uso das novas tecnoloxías no instituto.

O Plan dixital é un recurso clave para a planificación da estratexia dixital do noso centro. O Plan Dixital é o instrumento que adecúa e facilita o uso dos medios dixitais no proceso de ensinanza-aprendizaxe, entendido desde o obxectivo do desenrolo pleno e integral do alumnado.

Este plan contribúe a desenvolver a competencia dixital da comunidade educativa, promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos educativos dixitais tanto a nivel organizativo de centro coma no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

O Plan Dixital establece como un dos seus principais eixes a transformación dixital na procura da excelencia, a universalidade e a equidade na educación; que elimina as fendas sociais e territoriais, que incentiva a formación continua e cre no talento, promocionando o emprendemento e a innovación, o reforzo das súas capacidades de investigación e a atracción e fomento da excelencia.

Este plan está concibido coma un documento vivo que contén os acordos alcanzados no centro con respecto aos obxectivos xerais do Plan, as estratexias de dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares. Supón un compromiso por parte de toda a comunidade educativa.

### **1.3 Breve xustificación do mesmo**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o

desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Co fin de promover e garantir o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros máis pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe, a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **1.4 Proceso de elaboración**

O Plan Dixital recolle a organización do traballo do centro escolar, recollendo as accións e prioridades que marcarán o plan de traballo do noso centro.

Ademais dos coordinadores TIC e Edixgal, a participación do equipo directivo no proceso de deseño e implementación do Plan Dixital é clave, tanto pola visión global que desde a súa responsabilidade poida aportar (na fase de deseño), coma pola capacidade para mobilizar recursos da organización e de xerar liderados distribuídos que permitan o cambio atendendo a principios democráticos (na fase de implementación).

Por iso se creou o Equipo de Dinamización do Plan Dixital que recolle tanto aos coordinadores citados anteriormente coma ao equipo directivo.

## **2 Situación de partida**

### **2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais**

O IES Castro Aobre dispón de dous edificios (ESO e Bacharelato) con conectividade de voz e datos, así como puntos wifi en todas as aulas, biblioteca e salas de profesorado. Sen embargo, non



dispoñemos de conectividade de datos por cable no pavillón nin na casa do conserxe (empregada na actualidade como aula de Bacharelato), nestes espazos a conectividade é moi deficiente. Tampouco hai puntos wifi nos Departamentos, algúns deles usados coma aulas.

Os recursos dixitais dispoñibles para os membros do equipo directivo, administración, profesorado e alumnado son os seguintes:

- Aulas dixitalizadas: 9
- Aulas Edixgal: 20
- Equipos de xestión e administración: 7
- Salas de profesorado: 6 pcs
- Aulas de informática: o centro dispón de tres aulas de informática (21 + 21 + 30 pcs)
- Aulas taller de tecnoloxía: dúas aulas con Kit Dixital
- Aula de música: pc + proxector
- Aula de plástica: pc + proxector
- Laboratorios: 3 pcs + 3 proxectores
- Biblioteca: 5 pcs + proxector
- Aula mediación: pc
- Normalización: pc + canón + EDI
- Salón de actos: pc + canón
- Salas de atención a familias: dúas con 1 pc
- Departamentos: 16 pcs + 5 canóns + 2 EDIs

Os servizos dixitais educativos dos que dispón o centro para facilitar a xestión e práctica docente son:

- Páxina web do centro, dentro do proxecto “Webs dinámicas”
- Aula Virtual
- Plataforma virtual EVA Abalar para todo o alumnado da ESO
- Espazo Abalar
- Abalarmóbil
- Caderno dixital

A xestión do mantemento do equipamento do centro é responsabilidade do Dinamizador/a TIC, o Coordinador/a Edixgal así como un servizo externo contratado polo centro de 3 horas mensuais.

Dispónse ademais do Servizo Premium e o Servizo da UAC ofertado pola consellería.

O protocolo do centro relacionado co Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 20-21 está recollido no seguinte documento: [Plan de continxencia](#)

## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Recóllense na seguinte táboa os resultados obtidos na análise do Selfie en cada etapa educativa resumidos por áreas:

Áreas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	2.9	2.9	2.9
	Profesorado	3.1	3.2	
	Alumnado			
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	2.7	2.8	2.8
	Profesorado	2.5	2.5	
	Alumnado	3.1	2.5	2.2
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	3.4	3.2	3.3
	Profesorado	3.5	3.3	
	Alumnado	3.6	2.7	2.9
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3.9	3.7	3.8
	Profesorado	3.1	3.1	
	Alumnado			
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	4	3.9	4
	Profesorado	4	3.9	
	Alumnado	3.9	3.6	4.1
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3.5	3.5	3.5
	Profesorado	3.1	3.2	
	Alumnado	3.2	2.9	3.1
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	3.2	3.2	3.3
	Profesorado	2.9	2.7	
	Alumnado	2.9	2.5	2.6
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3.6	3.7	3.5
	Profesorado	2.9	3.1	
	Alumnado	3.2	2.9	2.4

Táboa 2: Resultados do Selfie de cada etapa educativa por áreas

Recóllense nas seguintes táboas os resultados obtidos na análise do Informe do TestCDD en relación co perfil do profesorado participante no mesmo:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	42	50	84 %
<b>PROVISIONAL</b>	6	9	66,7 %
<b>INTERINO</b>	4	6	66,7 %
<b>SUBSTITUTO</b>	4	5	80 %
<b>DESPRAZADO</b>	0	1	0 %

Táboa 3: Participación segundo o perfil do profesorado

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75,6	Integrador/a (B1) 76,4 Integrador/a (B1)	Integrador/a (B1) 76,4 Integrador/a (B1)	Integrador/a (B1) 76,4 Integrador/a (B1)

Táboa 4: Puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>ESO</b>	68,7	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
<b>BAC</b>	70,3	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
<b>F.P</b>				

Táboa 5: Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	3	5,4 %
<b>A2</b>	22	39,3%
<b>B1</b>	19	33,9%
<b>B2</b>	7	12,5%
<b>C1</b>	4	7,1%
<b>C2</b>	0	0
<b>TOTAL</b>	55	98,2 %

Táboa 6: Distribución do profesorado por niveis

### 2.3 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o TCDD, xerouse unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO</b>	Utilización de plataformas dixitais promovidas pola administración educativa. Características do software instalado nos equipos. Boa dotación de infraestruturas e recursos dixitais para a ensinanza.	Política de protección de datos. Disposición de espazos, dispositivos e repositorios en liña para alumnado con N.E.E
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	Emprego de recursos educativos en liña. Aprendizaxes novas adquiridas coa pandemia.	Crear contidos dixitais. Resolución de incidencias técnicas. Incorporación por parte do profesorado de tecnoloxías dixitais para a avaliación.
	<b>ALUMNADO</b>	Tratamento das licenzas e dereitos de autoría.	Resolución de incidencias técnicas. Utilización no centro de equipos dixitais propiedade do alumnado. Competencia por parte do alumnado para codificar, programar en relación ás tecnoloxías dixitais. Falta de control parental no uso da rede.
	<b>FAMILIAS</b>		Falta de cultura dixital.

	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Coñecemento e respecto sobre os dereitos de autor e licenzas de uso.	Existencia dunha estratexia dixital. Tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino.
--	-------------------------------	--	---

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS</b>		Dotación de equipamento tecnolóxico. Mala conectividade e problemas na instalación eléctrica.
	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>		Achegas económicas que recibe o centro.
	<b>LEXISLACIÓN</b>		A lexislación educativa.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>		Estabilidade laboral do persoal docente. Necesidade de formación continua. Falta de tempo para desenvolver proxectos e recursos.
	<b>CONTORNA</b>	Colaboración e debate con outros centros ou institucións para apoiar á tecnoloxía dixital.	Condicións socioeconómicas da contorna.
	<b>ALUMNADO</b>		Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo.
	<b>ANPA</b>	Relación coa/a ANPA/s.	
	<b>FAMILIAS</b>	Participación das familias.	
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	Existencia de proxectos externos.	

Indicar que o curso que ven o centro deixa de ofertar o ciclo formativo, polo que os datos obtidos nas fontes para o análise do DAFO respecto ao ciclo non se tiveron en conta na análise do mesmo.

### 3 Plan de Acción

O plan de acción está contemplado para que se vaia implantando ao longo do curso 2022-2023, prestando especial atención a combater a fenda dixital, a potenciar o emprego de ferramentas dixitais por parte do profesorado e do alumnado e a mellorar as circunstancias derivadas da pandemia do COVID.

#### 3.1 Obxectivos, indicadores e accións

A posta en marcha das accións que se levarán a cabo estará supeditada as necesidades detectadas no informe SELFIE, no test CDD de centro e na DAFO, á análise dos recursos dispoñibles no centro (segundo a dotación tecnolóxica, a conectividade, as plataformas e servizos dixitais e o mantemento necesario, entre outros), á análise realizada dos recursos dispoñibles do alumnado e segundo as necesidades detectadas derivadas das situacións que se vaian desenvolvendo.

Partindo de esta diagnose, fíxanse para cada área de mellora, en relación co marco DigCompOrg, os seguintes seis obxectivos, que serán revisados/modificados anualmente:

### **1 Área de mellora: A -Liderado**

- Fomentar o uso do abalarMóbil como medio de comunicación entre o profesorado e as familias.

### **2 Área de mellora: B-Colaboración e Redes**

- Empregar ferramentas corporativas para compartir documentos entre o profesorado.

### **3 Área de mellora: C- Infraestruturas e Equipos**

- Detección e dotación de equipos informáticos ó alumnado de bacharelato en situación de fenda dixital.
- Poñer ao día o inventario do equipamento informático do centro.

### **4 Área de mellora: D- Desenvolvemento Profesional continuo**

- Potenciar o emprego de ferramentas dixitais incluídas na maqueta abalar.

### **5 Área de mellora: F- Pedagogía: Implementación na aula**

- Potenciar o emprego de ferramentas dixitais incluídas na maqueta abalar.
- Fomentar a creación de produtos dixitais por parte do alumnado en colaboración co centro.

### **6 Área de mellora: G-Prácticas de avaliación**

- Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas.

Cada unha das accións propostas terá asociado un obxectivo específico, medible, alcanzable, relevante e definido no tempo.

Para medir a súa consecución, determinaranse unha serie de indicadores que nos permitirán avaliar a súa consecución tanto na fase de implantación coma ao remate do curso. Os indicadores son claros, medibles e respontan a escalas numéricas.

Para cada obxectivo cumprimentase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

"Área/s de mellora": PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN							
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de rúbricas creadas e compartidas na aula virtual						
<b>Valor de partida</b>	0 rúbricas						
<b>Valor previsto e data</b>	3 rúbricas creadas e compartidas na aula virtual do centro ao remate do curso 2022/2023						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO1.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para deseñar as rúbricas	Xefatura de estudos	1º trimestre	Convocatoria CCP		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Determinación das tarefas do alumnado que sexan susceptibles de seren avaliadas mediante rúbricas	Grupo de traballo Xefes de departamento	1º trimestre	Acta das reunións		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Elaboración das rúbricas	Grupo de traballo	1º trimestre	Acta das reunións Rúbricas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.4: Proba das rúbricas e revisión/melloras se procede	Profesorado	2º trimestre	Rúbricas Tarefas dixitais do alumnado Equipos informáticos para o profesorado		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.5: Compartir as rúbricas creadas na aula virtual con todo o profesorado	Grupo de traballo	3º trimestre	Rúbricas Aula virtual Equipos informáticos para o profesorado		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": COLABORACIÓN E REDES						
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Empregar ferramentas corporativas para compartir documentos entre o profesorado				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección e coordinador/a TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de profesorado comparte documentos a través da aula virtual ou a plataforma Eva-Edixgal					
<b>Valor de partida</b>	25 % do profesorado comparte documentos a través da aula virtual ou a plataforma Eva-Edixgal					
<b>Valor previsto e data</b>	60 % do profesorado comparte documentos a través da aula virtual ou a plataforma Eva-Edixgal					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Crear un curso/s e modelos para compartir documentos	Coordinador TIC/Edixgal	1º trimestre	Aula virtual Equipos informáticos para o profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Subir modelos da documentación	Dirección Coordinador TIC/Edixgal	1º trimestre	Aula virtual Equipos informáticos para o profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Cubrir os modelos	Profesorado	Todo o curso	Aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS						
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Detección e dotación de equipos informáticos ó alumnado de bacharelato en situación de fenda dixital				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe alumnado bacharelato en situación de fenda dixital que dispón en préstamo dun dispositivo					
<b>Valor de partida</b>	0 % alumnado bacharelato en situación de fenda dixital dispón en préstamo dun dispositivo					
<b>Valor previsto e data</b>	100 % alumnado bacharelato en situación de fenda dixital dispón en préstamo dun dispositivo					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO3.1: Detectar alumnado con necesidades</b>	Titores e departamento de orientación	Inicio de curso/mes setembro	Profesor-titor. Colaboración das familias.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2: Préstamo e control de equipos informáticos e/ou conexión a internet</b>	Dirección Coordinador TIC/Edixgal	Mes outubro	Ordenadores portátiles e kits de conexión a internet. Dispoñibilidade horaria		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.3. Control e recollida do equipo informático e/ou conexión a internet</b>	Coordinador TIC/Edixgal	Fin de curso	Ordenadores portátiles e kits de conexión a internet. Dispoñibilidade horaria		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

"Área/s de mellora": LIDERADO						
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Fomentar o uso do abalarMóbil como medio de comunicación entre o profesorado e as familias				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe empregan o abalarMóbil					
<b>Valor de partida</b>	20% empregan o abalarMóbil					
<b>Valor previsto e data</b>	60% empregan o abalarMóbil					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Revisar os datos dos responsables legais do alumnado no Xade	Equipo directivo	Inicio de curso/mes setembro	Equipos informáticos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO4.2: Familiarizarse coa aplicación	Claustro Titores Familias	Mes outubro	Documento informativo para as familias Equipos informáticos Dispositivos móbiles Aplicación abalarMóbil		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO4.3: Fomentar o uso da aplicación entre o profesorado e as familias	Profesorado	Ao longo do curso	Equipos informáticos para o profesorado Dispositivos móbiles Aplicación abalarMóbil		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS						
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Poñer ao día o inventario do equipamento informático do centro				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe do equipamento inventariado					
<b>Valor de partida</b>	50% do equipamento inventariado					
<b>Valor previsto e data</b>	100% do equipamento inventariado					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO
AO5.1: Elaboración dun documento para recoller o equipamento informático	Equipo TIC Secretaría	1º trimestre	Equipos informáticos Dispoñibilidade horaria Folla de cálculo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Cubrir o documento co equipamento dos Departamentos/Despachos/Secretaría	Xefes de departamento Secretaría	1º trimestre	Equipos informáticos Dispoñibilidade horaria Folla de cálculo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Cubrir o documento do resto de espazos do centro: aulas, talleres, ...	Equipo TIC	2º e 3º trimestre	Equipos informáticos Dispoñibilidade horaria Folla de cálculo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":-DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Potenciar o emprego de ferramentas dixitais incluídas na maqueta abalar				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC/Edixgal				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de profesorado emprega ferramentas da maqueta abalar					
<b>Valor de partida</b>	O 10 % do profesorado empregan as ferramentas da maqueta abalar					
<b>Valor previsto e data</b>	O 40% do profesorado de empregan ferramentas da maqueta abalar					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1:Coñecer as ferramentas dixitais que ofrece a maqueta abalar (sistema operativo e aplicacións instaladas) así como as súas vantaxes.	Coordinador TIC/Edixgal	1º trimestre	Relatores, PFPP, Seminario ou curso de formación Documentación/vídeos Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Familiarizarse coas ferramentas que ofrece a maqueta abalar	Profesorado	2º trimestre	Actividades do PFPP ou Seminario ou curso de formación Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Resolver dúbidas que poidan xurdir no seu manexo	Profesorado	2º trimestre	Relatores, PFPP, Seminario ou curso de formación Reunións Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.4: Empregar as ferramentas	Profesorado	3º trimestre	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA E IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Potenciar o emprego de ferramentas dixitais incluídas na maqueta abalar				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC/Edixgal				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe do alumnado emprega ferramentas da maqueta abalar					
<b>Valor de partida</b>	O 10 % do alumnado emprega as ferramentas da maqueta abalar					
<b>Valor previsto e data</b>	O 40% do alumnado emprega ferramentas da maqueta abalar					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO7.1: Coñecer as ferramentas dixitais que ofrece a maqueta abalar (sistema operativo e aplicacións instaladas) así como as súas vantaxes.	Titores Profesorado	1º trimestre	Titorías de formación Documentación/vídeos Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Familiarizarse coas ferramentas que ofrece a maqueta abalar	Alumnado	2º trimestre	Actividades en titorías Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3: Resolver dúbidas que poidan xurdir no seu manexo	Profesorado Alumnado	2º trimestre	Titorías de formación Reunións Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.4: Empregar as ferramentas	Alumnado	3º trimestre	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA E IMPLEMENTACIÓN NA AULA							
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Fomentar a creación de produtos dixitais por parte do alumnado en colaboración co centro					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dinamizacións do centro (Biblioteca, Convivencia, EDLG, Igualdade, ...)					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe do alumnado que crea produtos dixitais colaborando con diferentes actividades do centro						
<b>Valor de partida</b>	0 5% do alumnado crea ao menos un produto dixital						
<b>Valor previsto e data</b>	0 25% do alumnado crea ao menos un produto dixital						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO8.1: Facer un listado cos proxectos nos que participa	Profesorado	Inicio de curso	Equipos informáticos para o profesorado Rexistro informático			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO8.2: Selección de produtos dixitais que podería elaborar o alumnado	Dinamizacións Profesorado	1º trimestre	Equipos informáticos Rede Ferramentas para crear contidos interactivos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO8.3: Elaboración dun produto dixital	Profesorado Alumnado	Ao longo do curso 2022-2023	Equipos informáticos Plataformas de creación de contidos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO8.4: Publicación do/s produtos dixitais	Dinamizacións Profesorado Alumnado	Ao longo do curso 2022-2023	Equipos informáticos Plataformas de creación de contidos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

**1 Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- 1.a **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- 1.b **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- 1.c **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- 1.d **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- 1.e **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- 2 INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- 3 VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- 4 VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

**ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- 5 DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- 6 RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- 7 DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- 8 RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- 9 VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- 10 ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Despois da análise das infraestruturas e equipamentos, obsérvanse as seguintes necesidades de mellora para poder cumprir os obxectivos do Plan Dixital e ademais o profesorado poida dispor e manter ao día as súas plataformas virtuais.

#### A Infraestrutura dixital:

##### a Infraestrutura de datos (conectividade a internet):

- Conexión cableada e sen fíos no pavillón e na casa do conserxe. A día de hoxe a conectividade en ambos espazos é moi deficiente, con desconexións continuas, xa que non dispoñen de cableado nin rede abalar.
- Conexión sen fíos nos Departamentos, xa que son empregados como aulas e o alumnado non se pode conectar a rede abalar co equipamento EDIXGAL.
- Conexión cableada no vestíbulo de secretaría. O alumnado e as súas familias deben dispoñer dun equipo para as xestións administrativas pero non se dispón de conectividade nesa zona.

##### b Infraestrutura de voz (telefonía):

- Pavillón
- Casa conserxe

Ambas dependencias non dispoñen, e están afastados dos outros puntos de telefonía do centro ao estar en edificios independentes aos da ESO e Bacharelato.

#### B Equipamento:

##### a Actualización/Nova dotación das Aulas Dixitalizadas

O equipamento de aulas EDIXGAL e Dixitalizadas está desactualizado e non responde ben as últimas actualizacións do software corporativo, xa que cada vez existen máis prestacións.

##### b Dotación das Aulas Específicas

As aulas de música, plástica e laboratorios non dispoñen de Kit dixital.



*c Nova dotación das Aulas informáticas*

O centro dispón de 3 aulas de informática, a dotación recibida só cubre a metade dos postos dunha delas (15 equipos). Dado o número de alumnado do noso centro así como que o alumnado de bacharelato non dispón de equipamento EDIXGAL esa dotación non cubre apenas as necesidades do alumnado.

*d Nova dotación dos equipos das salas de profesorado*

Os equipos informáticos están desfasados e obsoletos e non responden ben as últimas actualizacións do software corporativo, xa que cada vez esixen máis prestacións. Só se dispón de 6 equipos informáticos entre as dúas salas de profesorado, cantidade moi deficiente para o elevado número de profesorado deste centro.

*e Nova dotación dos equipos informáticos do equipo directivo/administración*

Os equipos informáticos están desactualizados e non responden ben as últimas actualizacións do software corporativo, xa que cada vez esixen máis prestacións.

*f Dotación de equipos informáticos para atención a familias e conserxería*

Os equipos informáticos de atención a familias están desactualizados e non responden ben as últimas actualizacións do software corporativo, xa que cada vez esixen máis prestacións.

A conserxería non dispón de equipo informático, necesario para a consulta de datos de alumnado, profesorado e familias.

## 4 **Avaliación do plan**

Coa finalidade de facer un seguimento das accións deseñadas para acadar os obxectivos propostos establécense os seguintes procedementos avaliábeis polo equipo TIC:

- **Avaliación do proceso:**

Segundo se recolle nas táboas de obxectivos do apartado 3 (Plan de acción) cada acción dispón dunha data final prevista para a súa realización. No caso de tratarse de obxectivos a levar a cabo ao longo de todo o curso, realizarase unha avaliación

procesual por trimestre no que se recollen os aspectos a valorar, o estado de execución das accións, a análise e valoración dos resultados. De ser o caso, recolleranse tamén as posibles modificacións das accións, o axuste da temporalización e as propostas de mellora.

- **Avaliación final e propostas de mellora:**

Ao remate do curso lectivo, no mes de xuño, farase unha avaliación final, coa revisión das táboas dos obxectivos, onde se recollerá tanto a valoración do logro destes como as propostas de mellora.

## 5 Difusión do plan

Unha vez informado e aprobado o Plan Dixital polo Claustro e o Consello Escolar, será comunicada a súa publicación, na [Páxina web do centro](#), a través da mensaxería Abalar a toda a comunidade educativa.